



DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE REXISTRO XERAL	
15 DEC. 2016	
N.º ENTRADA 37380	N.º SAIDA

Grupo Provincial Socialista
Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tif. 988 385 203 Tif/Fax. 988 385 178

JOSÉ IGNACIO GÓMEZ PÉREZ, deputado do **Grupo Socialista** da Deputación Provincial de Ourense, en base o previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais,

EXPON

A política de abandono da Rede Viaria Provincial ,que se reflexa en cada Orzamento coas escasas cantidades dedicadas a estas vías das que é titular a Deputación, está alcanzando situacións dramáticas en moitas.

Investir 2 millóns o ano no plan de vías provinciais e outros 1,4 en pequenas reparacións, non parece un esforzo para as obrigas desta institución nunha rede de 1.840 Km por onde teñen que circular cidadáns e empresas.

Do total de 77 Millóns non parece razoable dedicar máis cantidades a subvencións e gastos discrecionais que a obriga desta institución de manter a Rede Viaria propia en condicións de circulación segura. O custe o pagan os cidadáns e usuarios destas vías nas que se multiplican os accidentes e se circula con risco.

Unha mostra desta situación son as condicións nas que se circula pola OU-0306 no tramo San Cristobo-Carballeda de Avia.

Moitos anos soportando unha estrada en condicións de máximo risco na que se multiplican os accidentes e cun trazado moi perigoso, polo que ademais circulan vehículos industriais por ser importante para a actividade económica da zona.

Por elo

SOLICITA:

1.Copia da Memoria redactada polos Técnicos da Deputación na que se recolle as actuacións necesarias na OU-0306 no tramo San Cristobó-Carballeda de Avia mesmas e valoración económica.

2.Previsión de actuación a levar a cabo no próximo exercicio con indicación de obras a contratar na OU-0306 no tramo San Cristobó-Carballeda de Avia.

En Ourense, a 15 de decembro de 2016.



-SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN DE OURENSE